



Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

2ª Xuntanza

Mesa de traballo “Visión estratéxica do territorio rural”

22 de abril de 2026

Coordina: Fundación Juana de Vega

ORGANIZA



Fundación
Juana de Vega

USC LABORATE
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
LABORATORIO DO TERRITORIO

COLABORA



FUNDACIÓN
ROBERTO RIVAS



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA

RIA

Axenda

10.00 - 10.20 h. Benvida e introducción

10.20 - 10:50. Presentación dos participantes

10:50 - 11:20. Presentación dos resultados da 1ª xuntanza e síntese das respostas do cuestionario previo.

11:20 - 12:00 Pausa café

12:00 – 13:30 Dinámica de traballo en grupo para avanzar nas propostas en relación ás medidas priorizadas

13:30 – 14.00 Conclusións e peche

O Foro Territorio Rural Resiliente

Espazo de traballo colectivo en fases para:

- Construír unha **visión compartida do territorio rural** galego.
- **Mellorar a xestión** activa do territorio rural.
- **Reducir as vulnerabilidades estruturais** dos espazos rurais.
- **Avanzar cara a un territorio rural máis resiliente** fronte ao lume e ao cambio climático.

**Culminará nun encontro final con
propostas compartidas**

Mesas de traballo

1. **Visión estratéxica do territorio rural (FJV)**
2. **A ordenación de usos e instrumentos de planificación (LaboraTe-USC)**
3. **Mobilización e xestión activa do espazo agroforestal. (LaboraTe-USC)**
4. **Persoas, poboación e actividades no rural. (F Roberto Rivas)**
5. **Gobernanza e cooperación público-privada para a ordenación territorial. (F RIA)**
6. **Comunicación e concienciación social. (Colexio de Xornalistas de Galicia)**

Mesa de Traballo “Visión estratéxica do rural”

A mesa de visión pretende:

- Definir unha **visión estratéxica compartida** do territorio rural que oriente o seu **modelo de desenvolvemento a medio e longo prazo**,
- Identificar **funcións prioritarias do solo** orientadas a mellorar a resiliencia.
- **Formular propostas e criterios de ordenación do territorio** que integren resiliencia e multifuncionalidade.



SINTETIZAR
A DIAGNOSE



IDENTIFICAR
TENDENCIAS



FORMULAR
O DEBATE

Dinámica 1: Afinado e validación da visión

1 Escolle un concepto o cuestión clave da visión recollida a partir dos resultados do cuestionario previo

» Imaxinamos un rural galego vivo, habitado e dinámico, no que as persoas poidan vivir, traballar e emprender con dignidade, con igualdade real de oportunidades e acceso a servizos de calidade.

Un territorio multifuncional que xestiona activamente os seus recursos a través dunha base agroalimentaria e forestal sostible, diversificada e innovadora, capaz de xerar valor económico ao tempo que conserva a biodiversidade, a paisaxe e o capital natural.

Un rural integrado coas áreas urbanas nunha relación de corresponsabilidade, no que a cooperación entre administracións, comunidades locais e sector produtivo impulsa a bioeconomía, a soberanía alimentaria e a restauración da paisaxe agroforestal, garantindo un territorio resiliente, atractivo e próspero para as xeracións presentes e futuras.

Visión final compartida e consolidada

» Imaxinamos un rural galego vivo, habitado e dinámico, baseado nun modelo de desenvolvemento sostible e **multifuncional**, no que as persoas poidan vivir, traballar e emprender con dignidade, con igualdade de oportunidades, dereitos garantidos e acceso a servizos, educación e formación de calidade. Un territorio que recupera e mantén poboación, favorece **remuda** xeracional e a **atracción de novas persoas**, e que impulsa un sistema produtivo diversificado, innovador e apoiado no coñecemento científico, capaz de xerar valor económico engadido mediante a **transformación e industrialización** dos recursos locais, reforzando a soberanía alimentaria.

Un rural que xestiona activamente o seu territorio, integrando produción e conservación e acadando un equilibrio entre sectores e usos, ao tempo que conserva e valoriza a biodiversidade, a paisaxe e o capital natural. Un espazo articulado arredor do papel das comunidades locais, no que a cooperación entre administracións, sector produtivo e sociedade impulsa solucións compartidas, fortalece a gobernanza e constrúe un territorio resiliente, cohesionado e en equilibrio co urbano.

Dinámica 2 World café- As tres Galicia

3 roldas de 20 min, 1 reto en cada rolda. Grupos de 7 persoas

1

Mesa 1. Galicia urbanizada e periurbana

- Reto 1. Redución do mosaico agroforestal e conflitos polo uso do solo
- Reto 2. Abandono e acumulación de biomasa na interface urbano- forestal
- Reto 3. Gobernanza e coordinación de actores

2

Mesa 2. Galicia Rural Intermedia/Galicia activa

- Reto 1. Desagrarización, debilidade da cadea de valor e falta de relevo xeracional
- Reto 2. Servizos, mobilidade e habitabilidade
- Reto 3. Gobernanza e coordinación de actores

3

Mesa 3. Galicia Rural Abandonada

- Reto 1. Redución do mosaico agroforestal e conflitos polo uso do solo
- Reto 2. Servizos, mobilidade e habitabilidade
- Reto 3. Gobernanza e coordinación de actores

Metodoloxía de análise

Proceso de decantación e procesamento da información participativa

1

Baleriado das aportacións

- 1. Asignación das funcións territoriais asociadas ás "tres Galicia"
- 2. Agrupación das aportacións por temáticas
- 3. Análise da frecuencia de aparición das propostas dentro de cada mesa

2

Identificación das prioridades compartidas

- 1. Identificación de patróns transversais e elementos comúns das tres mesas de traballo
- 2. Identificación de liñas estratéxicas: agrupación de orientacións para abordar os retos
- 3. Identificación de medidas operativas: propostas operativas, pasos a dar e responsables

3

Retorno aos participantes

- 1. Envío aos participantes de información estruturada recollida no proceso
- 2. Revisión e enriquecemento do documento de traballo mediante cuestionario on-line

Do abandono á resiliencia territorial

A transición necesaria



O reto

O **abandono** das terras, a **desconexión** urbano-rural e a **visión sectorial illada** xeran un territorio vulnerable a incendios e ao declive económico.



O obxectivo

Un **ecosistema rural vivo**, onde a ordenación do solo, a viabilidade produtiva e a cohesión social entrelázanse para crear un territorio funcional e resistente.



O Cambio de paradigma na Xestión do Territorio

	Modelo Actual	Modelo Resiliente
Usos do Solo	Visión sectorial illada, dinámica demográfica, abandono produtivo das terras.	Multifuncionalidade, ordenación de usos e reactivación activa do solo.
Foco Económico	Cadeas longas, escasa xeración de valor e vulnerabilidade económica.	Diversificación, transformación industrial, sostibilidade, bioeconomía e circuitos curtos de comercialización.
Gobernanza	Administracións pouco coordinadas e con visión sectorial	Coordinación interadministrativa con capacidade de desenvolver políticas sectoriais cohesionadas
Rol da Sociedade	Desconexión física e cultural co medio rural.	Restauración do vínculo co medio rural (formación, emprendemento, sensibilización, divulgación).

O Ecosistema de Intervención

7 liñas estratéxicas



1

Reaxuste planeamento urbanístico



2

Recuperar funcionalidade do territorio



3

Ordenación territorial e planificación usos solo



4

Mellorar Gobernanza territorial



5

Reforzar base económica e viabilidade produtiva



6

Recuperar relación sociedade-territorio



7

Impulsar Modelos innovadores de xestion territorial



Liña 1: **Reaxuste do planeamento urbanístico e aplicación de instrumentos de ordenación supramunicipal**

*Avanzar cara a **instrumentos de planificación máis flexibles**, adaptados ás dinámicas reais e con maior capacidade de aplicación.*

Medida 1.1


Revisar de forma orientada o planeamento municipal, priorizando zonas de interface urbano-rural e incorporando criterios actualizados de funcionalidade.

Medida 1.2

Mellorar a coherencia e complementariedade entre os instrumentos de planificación (municipais e supramunicipais) para trasladar as directrices á aplicación real.

Medida 1.3

Incorporar criterios funcionais (produtivos, ecolóxicos, sociais) **na regulación dos usos do solo.**



Liña 2: **Recuperación da funcionalidade do territorio**

Reactivar os usos produtivos, diminuír o abandono das terras e restaurar a xestión activa do solo.

Medida 2.1

Activar e mobilizar o solo con capacidade produtiva abandonado ou **infrautilizado** (bancos de terras, cesións, polígonos agroforestais).

Medida 2.4

Facilitar a incorporación de **novos perfis poboacionais** (incluíndo poboación migrante) para reactivar o territorio e favorecer a remuda xeracional.

Medida 2.2

Fomentar usos produtivos de pequena escala e **proximidade** (hortas) combinando autoconsumo e comercialización local.

Medida 2.5

Garantir o **acceso á vivenda** impulsando a rehabilitación e mobilizando o parque de vivenda baleira.

Medida 2.3

Reorganizar a base produtiva nos **ámbitos rurais activos** para mellorar a dimensión, eficiencia e continuidade das explotacións.



Liña 3: **Ordenación territorial e planificación dos usos do solo**

Compatibilizar os usos do solo e establecer xerarquías funcionais, particularmente en zonas de transición espacial.

Medida 3.1

Definir criterios operativos para compatibilizar os usos residenciais, produtivos e ambientais.

Medida 3.2

Desenvolver ámbitos piloto de xestión da interface urbano-forestal (como aldeas modelo) co fin de prever riscos de incendios e promover un territorio máis resiliente.

Medida 3.3

Incorporar a multifuncionalidade na ordenación do territorio, superando a visión sectorial tradicional



Liña 4: **Mellorar a gobernanza territorial**

Fortalecer a coordinación entre administracións e integrar eficazmente os distintos instrumentos para lograr unha intervención efectiva

Medida 4.1

Crear mecanismos formais de **coordinación interadministrativa** con capacidade executiva real

Medida 4.3

Reforzar a **capacidade técnica e executiva** para aplicar efectivamente as políticas **simplificando os trámites administrativos**.

Medida 4.2

Integrar instrumentos e políticas **sectoriais** (agraria, forestal, ambiental e urbanística) **baixo marcos comúns de actuación**.

Medida 4.4

Utilizar unha **fiscalidade activa** para incentivar o uso produtivo do solo e penalizar situacións de abandono ou infrautilización.



Liña 5: **Reforzar a base económica e a viabilidade produtiva**

Garantir a continuidade da xestión do territorio mellorando a cadea de valor e aumentando a rendibilidade económica.

Medida 5.1

Reforzar a cadea de valor a escala local, impulsando os circuitos curtos de comercialización e a conexión entre produtores e consumidores.

Medida 5.3

Adaptar e simplificar o marco normativo administrativo e sanitario ás dimensións e realidades das pequenas producións.

Medida 5.2

Fomentar a diversificación integrando aproveitamentos agrícolas, forestais e complementarios para reducir a vulnerabilidade (bioeconomía, economía circular, enerxías renovables, residuos,...)

Medida 5.4

Impulsar a transformación e industrialización apoiando ás pequenas industrias vinculadas aos recursos locais e proxectos tractores nos espazos rurais.



Liña 6: **Recuperar a relación sociedade-territorio**

Restaurar os vínculos sociais, culturais e educativos da poboación co medio no que habita.

Medida 6.1

Desenvolver programas de conexión urbano-rural mediante actividades **educativas**, participativas e sociais de contacto directo.

Medida 6.2

Aumentar a valoración **social dos usos agrarios e forestais** visibilizando o seu valor económico, medioambiental e cultural.

Medida 6.3

Promover a recuperación, **transmisión e intercambio interxeracional** dos saberes e prácticas tradicionais de xestión.



Liña 7: Impulsar modelos innovadores de xestión territorial

Apoiar, sistematizar e consolidar as dinámicas e modelos emerxentes baseados na innovación local.

Medida 7.1

Identificar e sistematizar prácticas e experiencias de éxito para convertelas nun sistema de coñecemento accesible.

Medida 7.3

Prover programas de transferencia que permitan escalar e replicar os modelos validados noutras zonas rurais.

Medida 7.2

Impulsar o desenvolvemento de proxectos piloto innovadores validando a súa utilidade en contextos territoriais reais.

Medida 7.4

Fomentar as comunidades enerxéticas como instrumento de gobernanza compartida e implicación social sobre os recursos.

Os 4 Piores do Territorio Resiliente

Espazo e Solo

Planificación e ordenación funcional do solo



LIÑAS



Xeración de valor

Reactivación produtiva e cadeas de valor locais.



LIÑAS



Poboación e Cultura

Restauración do vínculo social e posta en valor do rural.



LIÑA



Sistemas de Gobernanza

Gobernanza executiva e escalabilidade da innovación.



LIÑAS



Unha Visión Integradora

- »» A resiliencia do territorio rural galego non se alcanza mediante medidas illadas, senón coa execución simultánea destas 7 liñas estratéxicas.

- »» A planificación debe converterse en xestión activa do solo, da economía e do tecido social.

O futuro do rural escríbese no territorio

Presentación dos resultados das enquisas previas

2ª Xuntanza Mesa de traballo “Visión estratéxica do territorio rural”



- LE 1. Reaxuste do planeamento urbanístico e aplicación dos instrumentos de ordenación territorial supramunicipal
- LE 2. Recuperación da funcionalidade do territorio
- LE 3. Ordenación territorial e planificación dos usos do solo
- LE 4. Mellorar a gobernanza territorial
- LE 5. Reforzar a base económica e a viabilidade produtiva
- LE 6. Recuperar a relación sociedade- territorio
- LE 7. Impulsar modelos innovadores de xestión territorial

2ª Xuntanza Mesa de traballo “Visión estratéxica do territorio rural”



2ª Xuntanza Mesa de traballo “Visión estratéxica do territorio rural”



2ª Xuntanza Mesa de traballo “Visión estratéxica do territorio rural”



2ª Xuntanza Mesa de traballo “Visión estratéxica do territorio rural”



R

Pausa café

T
R

Dinámica de traballo en grupos

Dinámica World café- Recollida de propostas

3 roldas de 30 min, 3 medidas en cada mesa

- 1 Mesa 1. Aula de arriba (Elena)**
 - Medida 5.1. Reforzo da cadea de valor a escala local
 - Medida 5.2. Diversificación das actividades produtivas
 - Medida 5.4. Impulso á transformación e industrialización de proximidade
- 2 Mesa 2. Sala de xuntas (Fran)**
 - Medida 6.2. Valorización social dos usos agrarios e forestais
 - Medida 7.1. Identificación e sistematización de experiencias existentes de xestión territorial
 - Medida 7.2. Desenvolvemento de proxectos piloto innovadores de xestión territorial
- 3 Mesa 3. Lagar (Nuria)**
 - Medida 2.1. Activar e mobilizar o solo de capacidade produtiva abandonado ou infrautilizado
 - Medida 3.3. Incorporar a multifuncionalidad na ordenación do territorio
 - Medida 4.3 Reforzar a capacidade de execución e aplicación efectiva das políticas territoriais.


**Presentación das conclusións das mesas en
plenario**

FTRR- 28 de maio

**Ata o 5 de maio abrimos a inscrición preferente
para os participantes nas mesas**



**Foro Territorio
Rural Resiliente**



Gracias!

ORGANIZA



Fundación
Juana de Vega

USC LABORATE
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
LABORATORIO DO TERRITORIO

FT RS

Foro Territorio Rural Resiliente

SANTIAGO DE COMPOSTELA 28/05/26

COLABORA



FUNDACIÓN
ROBERTO RIVAS



COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA

RIA